


КЛИНОМ

КРАСНЫМ

БЕЙ

БЕЛЫХ



A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA

a Rusia tsarista

A comezos do século XX o Imperio ruso era un país enorme en homes e riquezas, pero atrasado no seu desenvolvemento económico. A poboación era maioritariamente rural e, a pesar da liberación dos servos en 1861 vivían sometidos aos terratenentes.



Nenos campesiños




Campesiños rusos

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA

a Rusia zarista

A sociedade estaba moi polarizada, sen a penas clase media. Á cabeza da mesma situábase o tsar, os nobres e a xerarquía da igrexa ortodoxa.



Pirámide social da Rusia tsarista, 1900



Nicolás II e Alexandra, 1913



Icono da familia imperial

- Explica o que se representa no debuxo, como vivía a maioría da poboación rusa? quen se beneficiaba do seu traballo? que papel desempeñaba o exército?
- Comenta a foto e o icono do tsar e a súa familia, a que réxime político che recordan? que mensaxe pretenden transmitir aos seus súbditos?

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA

a Rusia zarista

A crise económica e a derrota na guerra contra Xapón provocaron o estoupido revolucionario de 1905. As tropas dispararon contra a multitude que pedía 'pan e eleccións'.



Domingo sanguento; San Petesburgo, 1905



Cartel de 'O acorazado Potemkin' de Eisenstein, 1925

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA

a Rusia zarista

A resposta do tsar foi a represión, aínda que concedeu a formación dunha *Duma* (Parlamento), sen a penas poderes, ante a presión dos primeiros *soviets*.



Deportados a Siberia despois da Revolución de 1905

A REVOLUÇÃO SOVIÉTICA as revoluções de 1917

As dificuldades criadas pola Gran Guerra e as derrotas militares aumentaron o desprestixio do tsar.



Rasputin co tsar e a tsarina no colo



O tsar cego, caricatura alemana



A partida cara a guerra, 1914



Nicolás II á fronte das tropas, 1915

A REVOLUÇÃO SOVIÉTICA as revoluções de 1917

As protestas foron en aumentos ata que en febreiro os mesmos soldados se uniron aos manifestantes. O tsar abicou e formouse un goberno provisional controlado polos liberais. Foi a chamada fase burguesa da revolución.




Cabeza da estatua derrubada do tsar Alexandre III



Funeral polos mortos de febreiro

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA as revolucions de 1917

Os sucesivos gobernos provisionais decretaron medidas de carácter liberal, pero decidiron continuar na guerra e non atacaron a estrutura socioeconómica.



Cartel a favor da guerra



Feridos na fronte

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA as revolucións de 1917

As reivindicacións populares canalizábanse a través dos soviets, pedindo paz e reparto de terras.



Manifestación de mulleres contra a guerra, xullo 1917



As tropas do Goberno Provisional disparan aos manifestantes, xullo 1917



Soldados amotinados, xullo 1917

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA as revolucións de 1917

En abril de 1917 Lenin regresa a Petrogrado e propón aos bolxeviques a toma do poder, baixo a consigna: 'Todo o poder para os soviets'



Lenin dirixíndose aos obreiros da fábrica Putilov, 1917



Manifestacións pedindo 'todo o poder para os soviets', 1917

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA as revolucións de 1917

Os bolxeviques toman o control dos soviets e, en outubro, asaltan a sede do Goberno, o Palacio de Inverno de Petrogrado. Foi o comezo da revolución comunista.



Soldados bolxeviques vixían o Palacio de Inverno




Batallón de mulleres vixiando o Palacio de Inverno



Lenin proclama o 'ooder dos soviets' en 1917; Serow 1953

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA o poder bolxevique

O programa bolxevique incluiu a abolición da propiedade privada da terra; o control obreiro do proceso produtivo e o armisticio con Alemaña.



ЦАРЬ, ПОП И БОГАЧ

НА ПЛЕЧАХ У ТРУДОВОГО НАРОДА.

O tsar, o clero e os ricos levados polo pobo que traballa, 1918



**ТОВ. ЛЕНИН ОЧИЩАЕТ
ЗЕМЛЮ ОТ НЕЧИСТИ.**

*O camarada Lenin limpa a Terra de escoria;
Mikhail Cheremnykh e Viktor Deni, 1920*

- A primeira viñeta reflicte verazmente as características da sociedade tsarista? tivo influencia esta situación no trunfo da Revolución rusa?
- Quen era a escoria do mundo para os autores da viñeta sobre Lenin? cres que era verdade?
- Cal era o obxectivo dos comunistas coa eliminación da propiedade privada e o control obreiro da produción?
- Que papel tivo Lenin no proceso revolucionario de 1917? porqué o cualifican de 'camarada'?
- En que se diferencia o programa bolxevique da política levada adiante polo Goberno provisional?

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA o poder bolxevique

Os bolxeviques fixéronse con poder mediante un golpe de estado, repuxeron a pena de morte e crearon unha policía, a CHEKA, encargada de reprimir calquera disidencia co réxime soviético. Creouse un novo estado federal (a URSS) e a Terceira Internacional para estender a revolución.



Cartel comunista, 1918




Welcome comrades!; Dymitri Moor 1920


A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA

a guerra civil

A oposición interior e exterior ao réxime comunista levoa á Guerra Civil, que enfrentou ao Exército Branco e o Exército Vermello, organizado por Trosky cunha disciplina durísima.



Alistácheste voluntario? Dymitri Moor 1920



Paz e liberdade na República Soviética!; cartel antisemita (con Trosky) dos brancos

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA

a guerra civil

A vitoria do Exército Vermello foi a costa dos sacrificios da poboación, que pasou grandes penalidades e unha represión moi forte.



Lenin aregando ás tropas, Moscova 1919



Bolxeviques prisioneiros nun tren, 1918

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA Nova Política Económica

A crise de 1921 fixo que o Partido Comunista cambiase de política económica, permitindo relacións de produción capitalistas. A NEP tivo éxito, mellorando as condicións da poboación.



Chamada á organización científica do traballo; Krinski 1922



Mercado abastecido durante a NEP




A electricidade chega ás aldeas

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA

a propaganda

O Estado soviético desenvolveu unha intensa campaña de alfabetización e educación da poboación. Fomentou tamén a participación das mulleres na vida revolucionaria. Sen embargo, estes avances estaban sometidos ao acatamento da doutrina do Partido, reprimíndose calquera discrepancia.




Escola para mulleres analfabetas 1922




Escola itinerante para nenos campesiños 1922

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA

a propaganda



Fin da festa de confraternización entre obreiros, campesiños e soldados, 192?



Vagón dun tren de propaganda comunista, 192?

- Describe a escena da esquerda. Cal cres que era a finalidade destas festas? por que se unen obreiros, campesiños e soldados?
- Describe a escena da dereita, Para que se facían esas exposicións itinerantes? Imaxina o contido da exposición, incluíría algunha crítica da Revolución e do Partido Comunista? por que?
- Ponte no lugar da campesiña que mira os paneis, que estará pensando?
- Se vivises na URSS neses anos, participarías na festa? irías a ver a exposición? por que?
- Fanse hoxe actividades semellantes coa mesma, ou parecida, finalidade? participas nelas?

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA

a propaganda



Rodchenko, 1924

Propaganda dirigida ás mulleres

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA

estalinismo

Ao morrer Lenin desencadeouse unha loita polo poder entre Stalin e Trostki. En 1928 Stalin fíxose co control do PCUS e, por conseguinte, do Estado soviético. Trostki rematou sendo asasinado por mandato de Stalin no exilio mexicano.



II aniversario da Revolución, Lenin con e sen Trostki, 1919



Lenin arengando as tropas, con e sen Trostki, 1920

- Que se pretende coa manipulación das fotografías?
- Cres que hoxe se usan tácticas semellantes para manipular á opinión pública? coñeces algún exemplo?

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA

estalinismo

Impúxose unha nova política económica, por medio de Plans Quinquenais, que levou á industrialización acelerada do país.



Con traballo duro conseguiremos os obxectivos do Plan Quinquenal; Lyubimov 1931



A consolidación da vitoria do socialismo na URSS; Vyalov, 1932


A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA

estalinismo


A planificación foi un éxito económico: en 1940 a URSS converteuse na terceira potencia económica mundial.



O éxito do 1º Plan Quinquenal, 1932



Central hidroeléctrica



Industria metalúrxica

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA

estalinismo

Colectivizouse á forza a agricultura, suprimíndose os *kulaks* deportando a milleiros deles a Siberia.



Campesiña alegre no koljó 1930



Traballo colectivo; Meshcheriakov, 1932



Traballando no koljó; Pichurgin, 1930

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA

estalinismo

Para conseguir os obxetivos económicos misturáronse medidas persuavivas (mobilización e propaganda) e represivas (deportacións, prohibición das folgas...).



БИЗ СТАХАНОВЦУЮ!

coll ISO

*Stajanov axudando á colleita do algodón en Azerbaián;
Lebeshev 1936*



Manifestación campesiña: "Os granxeiros do kpljov estamos a liquidar aos kulaks para conseguir a colectivización completa"

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA

estalinismo

O estalinismo foi un período de constante represión e terror. Leváronse adiante grandes purgas e depuracións no propio PCUS. Desaparicións, deportacións masivas e asasinatos foron a resposta a calquera disidencia, real ou imaxinada.




Dunha foto orixinal de 1926 van desaparecendo os compañeiros de Stalin, vítimas das purgas, ata quedar só el.

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA

estalinismo

Gulag é o nome do sistema represivo soviético, destacando os campos de concentración, que xa existían baixo o mandato de Lenin. Alí se enviaban aos sospeitosos de opoñerse aos bolxeviques, sen ningunha garantía legal.



Alexander Solzhenitsyn no Gulag, 1953



Muller fichada pola policía política

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA

estalinismo

Os presos foron utilizados como man de obra escrava, morrendo moitos polos traballos forzados.



Barracón dun campo de prisioneiros, 1936-37

- Comenta a foto do barracón, cres que ese sería o seu aspecto? quen colocou alí as fotos de Stalin e Marx? para que? que pensarían os presos ao ver esas fotos?
- Por que se obrigaba aos presos a traballar? para reabilitalos? quen se beneficiaba do seu traballo?
- Cal era a finalidade do Gulag e do sistema represivo soviético en xeral? mellorar a convivencia entre os cidadáns?
- Cres que serven para algo os cárceres? cal debe ser o seu obxectivo? cúmpreno na actualidade?
- O crecemento económico da URSS nos anos 30, xustifica a política de Stalin? poderíase lograr o crecemento económico sen as medidas represivas?

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA culto a personalidade

Os bolxeviques, desde o poder, crearon un aparato de propaganda que incluía o culto aos pais do socialismo e aos dirixente contemporáneos. Creouse unha especie de santoral laico.



XVII Congreso do PCUS; Mashkov, 1937




В радостный день освобождения из под ига немецких захватчиков первые слова безграничной благодарности и любви советских людей обращены к нашему другу и отцу товарищу СТАЛИНУ—организатору нашей борьбы за свободу и независимость нашей родины.

Alegría pola liberación dos alemáns; Viktor Koretskii 1943

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA culto a personalidade

A exaltación da figura de Lenin desenvolveuse desde o trunfo da Revolución, estendéndose coa súa morte e, máis tarde, asociado a Stalin.



Estoxo e lentella (regalos diplomáticos recibidos por Lenin)



Longa vida á revolución proletaria internacional 1925

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA culto a personalidad

Trosky pasou de ser eloxiado na Guerra Civil a denigrado durante o estalinismo.



S. Xurxo; Viktor Deni 1920



Camiñan cara a súa destrución; Viktor Deni 1937

A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA culto a personalidad


O culto a personalidade acadou o paroxismo durante o estalinismo.



Stalin, celebra co pobo de Azerbaijan o V aniversario da Constitución; Mirzoev 1938



Grazas ao noso querido Stalin pola nosa infancia feliz



Stalin, no Kremlin, coida de cada un de nós

